

JSON coa predición marítima

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos datos presentados polo arquivo en formato JSON coa predición marítima a través da ligazón:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/predicion/jsonPredMaritima.action?idZona=-1&dia=0>

1 Introducción formato JSON

O formato JSON ¹(JavaScript Object Notation - Notación de Objetos de JavaScript) é un formato lixeiro de intercambio de datos.

JSON está constituído por dúas estruturas:

- Unha colección de pares nome/valor.
- Unha lista ordenada de valores.

2 Estrutura do arquivo JSON

A estrutura principal deste arquivo consta dun array de elementos con clave “listaPredDiaMaritima”, que pode devolver 3 ou 4 elementos, en función do número de predicións por día dispoñibles. A descrición de cada un dos elementos deste array é a seguinte:

comentEspecial: Texto opcional con algunha información reseñable para Galicia no día considerado.

comentXeral: Texto co comentario sinóptico para Galicia no día considerado.

dataCreacion: Data de creación da predición.

dataPredicion: Data á que se refire a predición.

listaPredZonaMaritima: É un array que contén un elemento por cada zona consultada. Cada un dos elementos deste array é, á súa vez, unha nova estrutura de pares que contén a información da predición para unha zona concreta e que se detallan a continuación:

alturaOnda: Array de elementos de tipo texto que describen o intervalo de altura de onda en cada unha das tres franxas horarias: mañá, tarde e noite.

ceo: Array de elementos numéricos que conteñen os identificadores para representar o estado do ceo en cada unha das tres franxas horarias: mañá, tarde e noite. O anexo I deste documento inclúe a listaxe de todos os posibles valores para estes elementos, xunto co seu significado, tanto para o día como para a noite.

comentMar: Texto que describe o estado do mar no día considerado.

comentMarFondo: Texto que describe o mar de fondo no día considerado.

comentVento: Texto que describe o vento no día considerado.

comentVisibilidade: Texto que describe a visibilidade no día considerado.

1 Para máis información sobre o formato JSON consulte: <http://www.json.org/json-es.html>



forzaVento: Array de elementos de tipo texto que describen o intervalo de forza do vento en cada unha das tres franxas horarias: mañá, tarde e noite.

idZona: Identificador numérico da zona considerada.

mar: Array de elementos numéricos que conteñen os identificadores para representar o estado do mar en cada unha das tres franxas horarias: mañá, tarde e noite. O anexo III deste documento inclúe a listaxe de todos os posibles valores para estes elementos, xunto co seu significado, tanto para o día como para a noite.

marFondo: Array de elementos numéricos que conteñen os identificadores para representar o estado do mar de fondo en cada unha das tres franxas horarias: mañá, tarde e noite. O anexo V deste documento inclúe a listaxe de todos os posibles valores para estes elementos, xunto co seu significado, tanto para o día como para a noite.

nomeZona: Nome da zona considerada.

tAuga: Valor numérico que representa a temperatura da auga, en graos centígrados (°C), prevista para ese día e na zona considerada.

tMin: Valor numérico que representa a temperatura mínima, en graos centígrados (°C), prevista para ese día e na zona considerada.

tMax: Valor numérico que representa a temperatura máxima, en graos centígrados (°C), prevista para ese día e na zona considerada.

uvMax: Valor numérico que representa o nivel máximo do índice de radiación ultravioleta na zona considerada.

vento: Array de elementos numéricos que conteñen os identificadores para representar a dirección e intensidade de vento en cada unha das tres franxas horarias: mañá, tarde e noite. O anexo II deste documento inclúe a listaxe de todos os posibles valores para estes elementos, xunto co seu significado.

visibilidade: Array de elementos numéricos que conteñen os identificadores para representar a visibilidade en cada unha das tres franxas horarias: mañá, tarde e noite. O anexo IV deste documento inclúe a listaxe de todos os posibles valores para estes elementos, xunto co seu significado.

Calquera dos elementos finais deste bloque devolverá un valor -9999 se o dato non está dispoñible no momento da consulta.

3 Parámetro de consulta

Este servizo precisa de dous parámetros obrigatorios **dia** e **idZona** e admite un parámetro opcional **request_locale**.

- O parámetro **dia** admite os seguintes valores:
 - dia=0 → predición para o día en curso.
 - dia=1 → predición para mañá.
 - dia=2 → predición para pasado mañá.
 - dia=3 → predición para o cuarto día. Este día soe estar dispoñible a partir das cinco da tarde.
 - dia=-1 → predición para todos os días dispoñibles (3 ou 4 dependendo da hora).
- Para a **zona de predición:** o parámetro é **idZona** e pode ter os seguintes valores:

Costa Cantábrica.....1	Ferrol-Bares.....2	Ártabro.....3	Costa da Morte....4
Rías Baixas.....5	Tódaslaz zonas.....-1		



- O parámetro ***request_locale*** admite os valores *gl* ou *es*, en función do idioma no que queremos obter os elementos de tipo texto do servizo.

Exemplos:

- A consulta para obter a predición marítima para hoxe en todas as zonas sería:
<http://servizos.meteogalicia.es/rss/predicion/jsonPredMaritima.action?idZona=-1&dia=0>
- A consulta para obter a predición completa en castelán sería:
http://servizos.meteogalicia.es/rss/predicion/jsonPredMaritima.action?idZona=-1&dia=-1&request_locale=es

ANEXO I: Listado de identificadores para o estado do ceo

Iconas de día (mañá e tarde)

Valor numérico	Descrición do estado do ceo	Icona representativa do estado do ceo*
-9999	Non dispoñible	
101	Despexado	
102	Nubes altas	
103	Nubes e claros	
104	Anubrado 75%	
105	Cuberto	
106	Néboas	
107	Chuvaasco	
108	Chuvaasco (75%)	
109	Chuvaasco neve	
110	Orballo	
111	Choiva	



112	Neve	
113	Treboada	
114	Brétema	
115	Bancos de néboa	
116	Nubes medias	
117	Choiva débil	
118	Chuvascos débiles	
119	Treboada con poucas nubes	
120	Auga neve	
121	Sarabia	

* Pode obter esta icona en:

http://www.meteogalicia.gal/datosred/infoweb/meteo/imagenes/meteoros/ceo/<Valor_Numerico>.png, donde <Valor_Numerico> corresponde co valor da primeira columna da táboa anterior.

Iconas de noite

Valor numérico	Descrición do estado do ceo	Icona representativa do estado do ceo*
-9999	Non dispoñible	
201	Despexado	
202	Nubes altas	
203	Nubes e claros	
204	Anubrado 75%	
205	Cuberto	
206	Néboas	
207	Chuvasco	
208	Chuvasco (75%)	
209	Chuvasco nieve	
210	Orballo	
211	Choiva	
212	Neve	



213	Treboada	
214	Brétema	
215	Bancos de néboa	
216	Nubes medias	
217	Choiva débil	
218	Chuvascos débiles	
219	Treboada con poucas nubes	
220	Auga neve	
221	Sarabia	

* Pode obter esta icona en:

http://www.meteogalicia.gal/datosred/infoweb/meteo/imagenes/meteoros/ceo/<Valor_Numerico>_fondo.png,
donde <Valor_Numerico> corresponde co valor da primeira columna da táboa anterior.



ANEXO II: Listado de identificadores para o vento

Valor numérico	Intensidade e dirección do vento (1)	Icona representativa (2)
-9999	Non dispoñible	
299	Calma	
300	Vento variable	VAR
301	Vento frouxo do Norte (N)	
302	Vento frouxo do Nordés (NE)	
303	Vento frouxo do Leste (E)	
304	Vento frouxo do Sueste (SE)	
305	Vento frouxo do Sur (S)	
306	Vento frouxo do Sudoeste (SO)	
307	Vento frouxo do Oeste (O)	
308	Vento frouxo do Noroeste (NO)	
309	Vento moderado do Norte (N)	
310	Vento moderado do Nordés (NE)	
311	Vento moderado do Leste (E)	
312	Vento moderado do Sueste (SE)	
313	Vento moderado do Sur (S)	
314	Vento moderado do Sudoeste (SO)	
315	Vento moderado do Oeste (O)	
316	Vento moderado do Noroeste (NO)	
317	Vento forte do Norte (N)	
318	Vento forte do Nordés (NE)	



319	Vento forte do Leste (E)	
320	Vento forte do Sueste (SE)	
321	Vento forte do Sur (S)	
322	Vento forte do Sudoeste (SO)	
323	Vento forte do Oeste (O)	
324	Vento forte do Noroeste (NO)	
325	Vento moi forte do Norte (N)	
326	Vento moi forte do Nordés (NE)	
327	Vento moi forte do Leste (E)	
328	Vento moi forte do Sueste (SE)	
329	Vento moi forte do Sur (S)	
330	Vento moi forte do Sudoeste (SO)	
331	Vento moi forte do Oeste (O)	
332	Vento moi forte do Noroeste (NO)	

(1) Correspondencias para a intensidade do vento:


- Vento variable: vento feble de intensidade variable
- Vento de calma: ≤ 5 Km/h
- Vento feble: >5 e ≤ 20 Km/h
- Vento moderado: >20 e ≤ 40 Km/h
- Vento forte: >40 e ≤ 70 Km/h
- Vento moi forte: > 70 Km/h

(2) Pode obter esta icona en:

http://www.meteogalicia.gal/datosred/infoweb/meteo/imagenes/meteoros/vento/<Valor_Numerico>.png, donde <Valor_Numerico> corresponde co valor da primeira columna da táboa anterior.

ANEXO III: Listado de identificadores para o estado do mar

As posibilidades para as imaxes representativas do estado do mar son as seguintes:




Valor numérico	Estado do mar	Icona representativa *
600	Mar rizado 0-0.1 m	
601	Mar ovellado 0.1-0.5 m	
602	Marusía 0.5-1.25 m	
603	Forte marusía 1.25-2.5 m	
604	Media vaga 2.5-4 m	
605	Vaga 4-6 m	
606	Vagallón 6-9 m	
607	Vagallón campal 9-14 m	

* Pode obter esta icona en:

http://www.meteogalicia.gal/datosred/infoweb/meteo/imagenes/meteoros/estadomar/<Valor_Numerico>.png,
donde <Valor_Numerico> corresponde co valor da primeira columna da táboa anterior.

ANEXO IV: Listado cos identificadores para a Visibilidade

As posibilidades para as imaxes representativas da visibilidade son as seguintes:

Valor numérico	Visibilidade	Icona representativa *
700	Boa	
701	Regular	
702	Mala	









* Pode obter esta icona en:

http://www.meteogalicia.es/datosred/infoweb/meteo/imagenes/meteoros/visibilidade/<Valor_Numerico>.png,
donde <Valor_Numerico> corresponde co valor da primeira columna da táboa anterior.

Táboa 5: Dirección do mar de fondo - Correspondencia entre valores numéricos e iconas.

As posibilidades para as imaxes representativas da dirección do mar de fondo son as seguintes:



Valor numérico	Dirección do mar de fondo	Icona representativa *
651	Norte	
650	Sur	
653	Este	
652	Oeste	
657	Nordés	
656	Noroeste	
655	Sueste	
654	Sudoeste	

* Pode obter esta icona en:

http://www.meteogalicia.es/datosred/infoweb/meteo/imagenes/meteoros/fondomar/<Valor_Numerico>.png,
donde <Valor_Numerico> corresponde co valor da primeira columna da táboa anterior.